

O SOFTWARE LIBRE NAS EMPRESAS INFORMÁTICAS DE GALIZA

2008



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información



Fundación para o Fomento
da Calidade Industrial e
o Desenvolvemento
Tecnolóxico de Galicia



OBSERVATORIO GALEGO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

O SOFTWARE LIBRE NAS EMPRESAS INFORMÁTICAS DE GALIZA



FICHA TÉCNICA

Universo: 710 empresas do Directorio de Empresas da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.

Tamaño da mostra: 225 entrevistas.


Tipo de mostra: Polietápica. Nun primeiro momento segmentouse a mostra en función de dúas variables: tamaño de empresa segundo o número de traballadores/as e provincia. No tamaño da empresa diferenciáronse tres estratos. A asignación da mostra foi non proporcional. Para o análise dos datos foi preciso realizar unha ponderación posterior para garantir a representatividade da mostra por tamaño de empresa e provincia. Nun segundo momento a selección das empresas foi realizada de maneira aleatoria proporcional, en tanto que os entrevistados foron seleccionados en función da súa maior responsabilidade en materia informática na empresa.

Erro da mostra: No suposto dunha mostraxe aleatoria simple, baixo a hipótese xeral máis desfavorable ($P=Q=0,5$) e cun nivel de confianza do 95,5% (2 sigmas), o erro máximo admitido no cálculo dunha magnitude absoluta é de $\pm 5,5\%$.

Tipo de entrevista: Telefónica asistida por ordenador. Sistema CATI Bellwiew.

Traballo de campo: Do 6 ao 24 de outubro de 2008.

EMPRESAS INFORMÁTICAS CON SOFTWARE LIBRE 2006-2008




Base: Total de empresas informáticas

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información. Enquisa 2008. Mancomún. Enquisas 2006 e 2007.

Desde o ano 2006 prodúcese un incremento constante do uso do software libre por parte das empresas informáticas galegas, pasando dun 57,9% en 2006 ata un 69,3% en 2008. A implantación do software libre é maior entre as empresas con 10 ou máis traballadores/as.

APLICACIONES DE SOFTWARE LIBRE EMPREGADAS NAS EMPRESAS INFORMÁTICAS. 2008




Base: Total de empresas informáticas

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información. Enquisa 2008.

As aplicacións de software libre máis empregadas son as relacionadas coa navegación por Internet, a ofimática e o xestor de correo. A continuación destaca o uso de aplicacións vinculadas coa xestión de contidos web, e desenvolvemento de software.

NIVEL DE SATISFACCIÓN DAS EMPRESAS INFORMÁTICAS CO USO DO SOFTWARE LIBRE 2006-2008




Base: Empresas informáticas que usan software libre.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información. Enquisa 2008. Mancomún. Enquisas 2006 e 2007.

O nivel de satisfacción co uso do software libre ten aumentado lixeiramente entre os anos 2006 e 2008, situándose na actualidade nun 8,1. As puntuacións outorgadas polas empresas informáticas dos estratos de 0 a 2 empregados/as e de 3 a 9 traballadores/as son idénticas (8,1), mentres que as que contan con máis de 10 outorgan unha puntuación menor (7,6).

PREVISIÓN DA EVOLUCIÓN DO USO DO SOFTWARE LIBRE NAS EMPRESAS INFORMÁTICAS. 2006-2008.




Base: Empresas informáticas que usan software libre.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información. Enquisa 2008. Mancomún. Enquisas 2006 e 2007.

A maioría das empresas informáticas que usan software libre consideran que o seu uso estenderase no resto de empresas informáticas nos próximos anos. Esta percepción aumenta con respecto a 2006, se ben prodúcese unha leve diminución con respecto a 2007. Apenas un 1,4% considera que o uso do software libre diminuíra nos próximos anos.

MOTIVOS POLOS QUE AS EMPRESAS INFORMÁTICAS NON USAN SOFTWARE LIBRE. 2006-2008.




Base: Empresas informáticas que non usan software libre.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información. Enquisa 2008. Mancomún. Enquisas 2006 e 2007.

A incompatibilidade do software libre co sistema implantado na empresa é a principal causa de que as empresas informáticas non usen este tipo de software. A unha notable distancia desta, sinálase a falta de provedores ou soportes en software libre.

FORMACIÓN NO ULTIMO ANO AO PERSOAL ENCARGADO DAS ACTIVIDADES INFORMÁTICAS. 2006-2008




Base: Total de empresas informáticas.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información. Enquisa 2008. Mancomún. Enquisas 2006 e 2007.

A formación en materia informática recibida polo persoal encargado destas actividades nas empresas informáticas ten aumentado notablemente durante o período 2006-2008. A formación en software libre tamén se incrementou, pasando de ser impartida no 9,9% das empresas informáticas en 2006 ao 28,5% en 2008.

ESTIMACIÓN DA EVOLUCIÓN DO SOFTWARE LIBRE NO MERCADO. 2006-2008.




Base: Total de empresas informáticas.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información. Enquisa 2008. Mancomún. Enquisas 2006 e 2007.

A maioría das empresas considera que a presenza do software libre no mercado aumentará nos próximos anos. Esta percepción medra gradualmente durante o período comprendido entre 2006 e 2008.

PRINCIPAIS ACCIÓNS PARA PROMOVER O SOFTWARE LIBRE NAS EMPRESAS INFORMÁTICAS. 2008.




Base: Total de empresas informáticas.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información. Enquisa 2008. Mancomún. Enquisas 2006 e 2007.

A demostración de produtos de software libre é considerada como a acción máis eficaz á hora de promocionar o software libre. As xornadas de divulgación e a formación aos usuarios son algunhas das outras propostas máis recomendadas.

EMPRESAS INFORMÁTICAS QUE OFRECEN SOFTWARE LIBRE. 2006-2008.




Base: Empresas informáticas que ofrecen productos de software.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información. Enquisa 2008. Mancomún. Enquisas 2006 e 2007.

O 44,7% das empresas informáticas que ofrecen software aos seus clientes, contemplan dentro da súa oferta os produtos de software libre. Esta porcentaxe descende para as empresas que teñen entre 3 e 9 empregados/as (33,3%) e aumenta para as que contan con 0-2 empregados/as e para as que teñen de 10-49 traballadores/as, 48,2% e 47,1%, respectivamente.

ASPECTOS MELLOR VALORADOS POLOS CLIENTES DE SOFTWARE LIBRE. 2006-2008.




Base: Empresas informáticas que ofrecen produtos de software libre.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información. Enquisa 2008. Mancomún. Enquisas 2006 e 2007.

O custo do software libre é o aspecto mellor valorado do software libre por parte dos clientes das empresas informáticas. A gran distancia, tamén se sinalan a personalización do software e a súa calidade e prestacións técnicas.

MOTIVOS POLOS QUE AS EMPRESAS INFORMÁTICAS NON OFRECEN SOFTWARE LIBRE. 2006-2008.



Base: Empresas informáticas que non ofrecen produtos de software libre.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información. Enquisa 2008. Mancomún. Enquisas 2006 e 2007.

Os principais motivos sinalados polas empresas informáticas para non ofertar produtos de software libre son a inadecuación á liña de negocio e a falta de demanda por parte dos clientes.

CONCLUSIÓN

- O 69,3% das empresas informáticas teñen software libre. A súa presenza é máis notoria entre as que teñen 10 ou máis traballadores/as.
- As aplicacións de software libre máis empregadas son as relacionadas coa navegación de Internet e ofimática.
- O nivel de satisfacción das empresas informáticas co uso do software libre acada unha puntuación de 8,1. O xuízo maioritario é que o uso do software libre aumentará nas empresas informáticas (53,2%), así como a súa presenza no mercado (74,3%).
- Ao igual que sucedía en 2007, a incompatibilidade co sistema actual é a principal causa pola que as empresas informáticas non usan o software libre.
- A formación en software libre do persoal encargado das actividades informáticas abrangue ao 28,5% das empresas informáticas, tendendo a aumentar progresivamente durante o período 2006-2008.
- A demostración de produtos de software libre é a principal acción recomendada para promover o seu uso dentro das empresas informáticas.
- O 44,7% das empresas informáticas que ofertan software facilitan produtos de software libre. O aspecto mellor valorado polos clientes deste tipo de software segue a ser o seu custo.
- Os principais motivos sinalados polas empresas informáticas para non ofertar produtos de software libre son a inadecuación á liña de negocio e a falta de demanda por parte dos clientes.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información



Fundación para o Fomento
da Calidade Industrial e
o Desenvolvemento
Tecnolóxico de Galicia



OBSERVATORIO GALEGO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

COLABORA



mancomun

Centro de Referencia e Servizos de Software Libre

